

Certhia brachydactyla C. L. Brehm, 1820

	gabeador común
	agateador europeo
	gerri-txori arrunta
	raspinell comú
	short-toed treecreeper
	trepadeira-comum



ESTADO DE CONSERVACIÓN



MEDIDAS CORPORAIAS

Peso 8,5 g

Longitude 12 cm

Envergadura 17,5-20 cm

FILO	CLASE	ORDE	FAMILIA	XÉNERO
Chordata	Aves	Passeriformes	Certhiidae	<i>Certhia</i>

ALIMENTACIÓN

Insectívoro estrito que consume arácnidos e larvas e adultos de insectos.

COMPORTAMENTO

Trátase dunha ave trepadora: trepa helicoidalmente dende a base dunha árbore ata aúa copa, e cando remata realiza un pequeno voo ata a base doutra árbore repetindo o proceso.

Crea os seus niñeiros entre cortizas semidesprendida ou en buratos de árbores, usando ramiñas, restos de cortiza e follas secas e acolchado con pelo e plumas.

REPRODUCCIÓN

Celo dende marzo-abril. Poden ter dúas postas de 6-7 ovos brancos con motas pardas-vermelhas, que son incubados pola femia durante 15 días. Os polos voan ás dúas ou tres semanas de nacer.

HÁBITAT

Bosques ben desenvolvidos (frondosas e coníferas), en zonas húmidas.

DISTRIBUCIÓN

Norte de África, Turquía, algunas zonas da costa oriental do mar Negro e centro e sur de Europa. Non aparece nin en Escandinavia nin en Gran Bretaña, nin nos territorios de alta montaña.

CURIOSIDADES

Nos días fríos de inverno, estes paxaros agrúpanse xuntos para durmir no interior das gretas dun tronco, protexidos do xeo directo.

No noso territorio atopamos a forma *C. brachydactyla "megarhyncha"*.